

Estimada familia:

Póño-me en contacto con vostedes, en relación coa devolución dos libros de texto que o seu fillo/a utilizou durante o curso escolar 2006/2007, e que, segundo a información recibida da Comisión de seguimento, non foron devoltos ao centro na súa totalidade ou nas debidas condicións de uso.

Un dos obxectivos do programa de gratuidade de libros de texto é inculcar nos alumnos valores de solidariedade, de conservación do material para a súa reutilización por outros e de coidado do ben colectivo como propio. Este sentido educativo do programa ten que ser fomentado polos pais para que os nenos lle dean un bo trato aos libros, que non son de propiedade privada, que son de todos e financiados cos recursos de todos os galegos.

Cremos na boa fe das familias, no seu sentido da solidariedade e na intención de ensinar aos seus fillos a compartir os materiais, polo que non dubido da súa colaboración para chegar á solución que mellor proceda.

A Comisión detectou que os libros que a continuación se relacionan, e que no seu momento foron entregados ao seu fillo/a, non foron devoltos na súa totalidade ou nas debidas condicións de uso sen que exista causa xustificada, polo que lle rogo proceda á devolución ou reposición dos libros ou, en caso contrario, procederase conforme á lexislación referida ás subvencións públicas en materia de reintegro.

Relación dos libros non devoltos ou deteriorados:

Reciba un cordial saúdo

Asdo.: